

INTRODUCCIÓN

O **mar na cociña** é un precioso relato sobre as ansias de expresión plástica nos nenos, sempre máis poderosas que as limitacións que adoitamos inculcar os adultos. A docentes e a pais recomendamos que os nenos teñan a man cartóns ou papeis grandes onde poidan dar renda solta á imaxinación e facer murais.

Aquí podes acceder a información adicional sobre [O mar na cociña](#), o autor, [Harkaitz Cano](#), ou a ilustradora [Lluïsa Jover](#). Tamén podes consultar a nosa páxina web www.macmillan-lij.es

ANTES DA LECTURA

ACTIVIDADES COLECTIVAS



Análise do título. Ante a clase presentamos nun folio escrito o título do libro. En aparencia non ten sentido: Acaso pode haber un mar nunha cociña? Cal cren os alumnos que é a historia deste libro? Predicimos a historia do noso libro a partir do título.

DURANTE A LECTURA

ACTIVIDADES COLECTIVAS



Propoñemos aos alumnos e alumnas inventar outros títulos para o libro. As propostas irán variando segundo avance a lectura. Recolleremos os distintos títulos nun folio. Cando rematen o libro elixirase entre todo o grupo o título que nos parece máis acertado.

DESPOIS DA LECTURA


ACTIVIDADES COLECTIVAS



Por que nos enfadamos? Expoñemos en gran grupo os motivos que nos levan a enfadarnos e que os demais se enfaden connosco. Despois de expoñelos en voz alta, cada alumno recollerá por escrito o que dixo. Hai un modelo na Ficha 1.



O MAR NA COCIÑA



Buscamos información acerca dos dous hábitats que aparecen na lectura: o mar e o deserto. Dividiremos os alumnos e alumnas en dous grupos, e cada grupo encargarse de buscar e elaborar unha exposición sobre o medio elixido. Despois transmitirao á outra metade do grupo.



Cadro de semellanzas e diferenzas. Tras a elaboración da actividade anterior, proporemos aos alumnos o seguinte cadro, que terán que completar atendendo ás características do mar e do deserto.


<i>O mar e o deserto</i>	
Semellanzas	Diferenzas



Elaboración de murais. Dividimos a clase en tres pequenos grupos. Cada grupo disporá dun anaco de papel continuo de varios metros de longo e asignaráselles un tema para realizar o mural: terra, mar e aire. Para a realización do mural proverase aos nenos de diversos materiais: plásticos, reutilizables (témperas, rotuladores, pegamento, teas, papeis de envoltorios, cordas, pinturas, serradur,...), outros elementos pódenos coller eles mesmos: area, follas, flores...



O MAR NA COCIÑA




FIGHA 1.

Por que me anoxo? 	Que podo facer para solucionaralo? 

 Por que se anoxan conmigo?	 Que podo facer para solucionaralo?



O MAR NA COCIÑA



FIGHA 2.

Busca no dicionario as palabras que descoñezas da lectura, explica coas túas propias palabras o seu significado.

Significado: _____



Significado: _____



Significado: _____




Significado: _____





O MAR NA COCIÑA



FICHA 3.

Elixe a palabra idónea para que as seguintes frases teñan sentido e correspondan co que relata o libro. Escribe outras frases coa palabra onde se faga un uso correcto.

1. Na parede da cociña, pintada de azul ata a metade,

hai / aí estaba o mar.

2. **Cántas / Cantas** veces teño que dicirlle que non hai que debuxar nas paredes da cociña?

3. Xurxo non sabía o que significaba a palabra “Grrrurrrughuskig” e **a mirou / mirouna** no dicionario.

4. “Este dicionario **está / esta** mal”; pensou.

5. Deixoulle a Pello o quitamanchas hipermoderno para que limpase con **el / él** o chan da cociña.

